



Concello de Cangas

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 20 DE XUÑO DE 2016**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 20 de xuño de 2016

HORA DE COMEZO: 20:35 h.

HORA DE REMATE: 21:15 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Mariano Abalo Costa, D. Andrés García Bastón, D. Xoan Carlos Chillón Iglesias, D<sup>a</sup> Ángela Vizoso Marcos, D. Tomás Hermelo Álvarez e D<sup>a</sup> Lourdes Rial Pardo.

AUSENTES: D<sup>a</sup> Mercedes Giráldez Santos e D. Heitor Mera Herbello.

SUPLENTES: D<sup>a</sup> Tania Castro Paredes.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D<sup>a</sup> Berta Alonso Soto e o interventor, D. Sergio Curra Moreira, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 13 DE XUÑO DE 2016**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 13 de xuño de 2016.

### **OBRAS E SERVIZOS**

#### **2º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN**

##### **2.A) RENOVACIÓN DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE POR DETERIORO**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local, acorda autorizar a renovación do sinal de pasaxe permanente instalado por deterioro, coas condicións indicadas ós seguintes solicitantes:



Concello de Cangas

| NOME   | LUGAR INSTALACIÓN  |
|--------|--|
| I.B.B. | Avda. de Vigo, nº 53-Cangas.<br>Autorízase a renovación do sinal de pasaxe permanente nº 756, concedido en X.G.L. do día 09.09.2009 á solicitante. Condiciónase a presente autorización á devolución do sinal deteriorado no Departamento de Tesourería, que procederá a dar de baixa o referido número e á concesión dun número novo.<br>Así mesmo, concédeselle o pintado da beirarrúa coa liña amarela lonxitudinal continua. |

### **3º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/SOLICITUDES DE INSTALACIÓN DE QUIOSCOS EN FINCAS PRIVADAS**

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 14.06.2016, relativa á explotación dos servizos de tempada en fincas privadas do Concello de Cangas e zona pública fóra do ámbito do servizo provincial de Costas e da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, ano 216, que é como segue:

*"ASUNTO: EXPLOTACIÓN DOS SERVIZOS DE TEMPADA EN FINCAS PRIVADAS DO CONCELLO DE CANGAS E ZONA PÚBLICA FÓRA DO ÁMBITO DO SERVIZO PROVINCIAL DE COSTAS E DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS, ANO 216*

*INTERESADO: XUNTA DE GOBERNO LOCAL*

*PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA*

*Aberto o prazo, desde o 25 de xaneiro ata o 15 de marzo de 2016, para que todos aqueles veciños/veciñas interesados/interesadas na instalación de quioscos de verán en terreo privado presentaran o seu pedimento no rexistro de entrada do Concello, de acordo coa documentación esixida no bando dictado pola Alcaldía e presentadas as seguintes solicitudes:*

---

Nome e apelidos

Situación

J.A.G.N.

Donón, nº 26-O Hío

*Unha vez subsanadas as deficiencias observadas na solicitude (depósito de fianza)*

---



## Concello de Cangas

*O bando cos criterios para a concesión de servizos de tempada foron expostos no taboleiro de anuncios do Concello e indicando que o prazo da instalación será do 15 de maio ata o 30 de setembro do ano que andamos.*

*Con base no cumprimento dos requisitos esixidos no bando publicado, xunto coas solicitudes e documentación aportada polos interesados/interesadas, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*ÚNICO.- Procédase á aprobación da autorización para a instalación de quiosco de verán en terreo privado aos solicitantes presentados, de acordo coas condicións e requisitos esixidos no bando publicado pola Alcaldía e previo pago nas arcas municipais das taxas da concesión”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, de autorización para a instalación de quiosco de verán en terreo privado.

### URBANISMO E PATRIMONIO

## **4º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 16 DE XUÑO DE 2016, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS**

### **4.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTES EXPEDIENTES DE OBRAS:**

4.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/á interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.



## Concello de Cangas

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.I. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.



## Concello de Cangas

\* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 25.360.- LICENZA MUNICIPAL Nº 24.262.- A E.T.S., con enderezo en Piñeiro, nº 56-Darbo, modifícaselle a referida licenza de conformidade coa documentación presentada en data 23 de maio de 2016, redatado polo arquitecto J.L.D. de Galicia e visada con data 19 de maio de 2016.

EXPEDIENTE Nº 25.866.- A E.B.N., con enderezo en Praza Andalucía, nº 5-5ºA-Cangas, para a construción de piscina no lugar de Cunchido de Arriba-Darbo, de conformidade co proxecto elaborado polos arquitectos R.A.A., M.F.E. e A.L.N. de data febreiro de 2016.

EXPEDIENTE Nº 25.865.- A E.B.N., con enderezo en Praza Andalucía, nº 5-5ºA-Cangas, para en Cunchido-Darbo, en solo de núcleo rural, regulado pola ordenanza 12, construír unha vivenda unifamiliar de 84,01 m<sup>2</sup>., de soto, 148,72 m<sup>2</sup>., de planta baixa, 66,66 m<sup>2</sup>., de primeiro andar, 49,37 m<sup>2</sup>., de terrazas e 68,50 ml. de cerramento, de conformidade co proxecto básico elaborado polos arquitectos R.A.A. M.F.E. e A.L.N. de data febreiro de 2016, a que antes do comezo das obras presente o correspondente proxecto de execución, oficios de dirección e estudo de seguridade, a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar ante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

Acéptaselle a cesión gratuíta de terreo para o vieiro efectuada con data 30 de maio de 2016.

Simultaneamente á edificación deberá complementar a urbanización das fronteiras de parcela aceptándose o aval en garantía desta por importe de mil cincocentos corenta e catro con vinte e nove euros (1.544,29 €).

EXPEDIENTE Nº 25.953.- A A.V.P., para construción de piscina na Torre, nº 8-San Pedro-Darbo, de conformidade co proxecto técnico elaborado polo arquitecto F.M.L. de data maio do 2016 (referencia castral 36008 A 047006310000JA.)

#### 4.A.2) LICENZAS MUNICIPAIS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTEs EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 23.118.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR J.C.R.F E L.P.P.



## Concello de Cangas

A Xunta de Goberno local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal, con data 1 de xuño de 2016, acordou:

a) outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a J.C.R.F. e L.P.P., con enderezo en Cunchido de Arriba, nº 48-Darbo-Cangas, para rehabilitación de vivenda, sita en Cunchido de Arriba-Darbo (referencia catastral F40203300NG17H0001BI), construída ao abeiro da licenza municipal Nº 22.254.

b) Así mesmo apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

### **5º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES**

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

EXPEDIENTE Nº 25.835.- I.P.C., arquívase o expediente a pedimento do interesado, no lugar de Nerga-O Hío.

EXPEDIENTE 25938.- M.V.H., para muro de cerramento e portal no lugar de Menduíña, nº 20-Aldán.

EXPEDIENTE Nº 25.958.- L.P.P., para apertura dunha fiestra para porta de entrada e cambiar fiestras no lugar de Seixo-Darbo, nº 42 B-Darbo.

EXPEDIENTE 25.960.- M.C.B., para construción de galpón no lugar do Gatañal, nº 36-Darbo.

EXPEDIENTE Nº 25.973.- T.B.N., para reforma parcial de piso en Paseo de Castelao, nº 1-1º-Cangas

EXPEDIENTE Nº 25.974.- T.B.N., para pintado de fachada en Paseo de Castelao, nº 1-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.993.- J.M.P.G., para limpeza e reparación de lousa horizontais (balcóns) en Praza do Progreso, nº 2-Cangas.

### **6º.- DACIÓN DE CONTA DE SINATURA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE CANGAS PARA REALIZACIÓN POLA ESCOLA DE CANTEIROS DUNHA ESCULTURA QUE REPRESENTA A FIGURA DE "MARÍA SOLIÑA"**



## Concello de Cangas

Dase conta de sinatura o día 26 de maio de 2016 de convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Cangas, para a realización pola Escola de Canteiros dunha escultura que represente a figura de "María Soliña".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.15, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sinatura o día 26 de maio de 2016 de convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Cangas, para a realización pola Escola de Canteiros dunha escultura que represente a figura de "María Soliña".

SEGUNDO.- Dar traslado de copia do acordo de referencia ao departamento de Intervención e concellería de Facenda, Urbanismo e Patrimonio.

### FACENDA

#### **7º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS**

##### **7.A) DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA DICTADA POLO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 1 DE PONTEVEDRA**

Dase conta de sentenza nº 217/2015, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo Nº 1 de Pontevedra, sobre reclamación en materia de responsabilidade patrimonial incoada por A.M.C.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sentenza nº 217/2015 ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo Nº 1 de Pontevedra.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Apoio Xurídico.

##### **7.B) DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA DICTADA POLO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 2**

Dase conta de sentenza nº 98/2016 ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo Nº2.



## Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sentenza nº 98/2016 ditada polo Xulgado Contencioso Administrativo Nº 2.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento Urbanismo.

### 7.C) DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA DICTADA POLO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 1

Dase conta de sentenza nº 31/2016 ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1, recaída no auto do PO 286/2007 peza separada de execución forzosa nº 6/2009, incidente de execución nº 29/2014.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sentenza nº 31/2016 dictada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1, recaída no auto do PO 286/2007 peza separada de execución forzosa nº 6/2009, incidente de execución nº 29/2014.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento Urbanismo.

### 7.D) DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA DICTADA POLO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 2

Dase conta de sentenza nº 98/2016 ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2, do día 4.05.2016, dictada neste recurso, PO 196/2015, promovida por B.P.G.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sentenza nº 98/2016 ditada o día 04.05.2016 polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2, dimanante do PO nº 196/2015, promovido por B.P.G.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Urbanismo.





**Concello de Cangas**

## **8º.- DACIÓN DE CONTA DE ANEXO Á ORDENANZA DE PREZOS PÚBLICOS POLO SERVIZO DA PISCINA CUBERTA CLIMATIZADA MUNICIPAL DO CONCELLO DE CANGAS E INSTALACIÓNS ANEXAS**

Dáse conta do Anexo á Ordenanza de Prezos Públicos polo Servizo da Piscina Cuberta climatizada municipal do Concello de Cangas, que di:

*"ANEXO Á ORDENANZA DE PREZOS PÚBLICOS POLO SERVIZO DA PISCINA CUBERTA CLIMATIZADA MUNICIPAL DO CONCELLO DE CANGAS E INSTALACIÓNS ANEXAS (BOPPO, Venres 29.05.2015)*

*Co fin de actualizar e acadar unha maior definición no texto da Ordenanza Municipal do Servizo da Piscina Cuberta do Concello de Cangas, preséntase a esta Xunta Local de Goberno as corresa Anexo á actual ordenanza publicada o día, venres 29 de maio de 2015.*

*PROPOSTAS:*

*ARTIGO 4.-TARIFAS*

*Epígrafe 1.- ABONO MENSUAL*

*As cotas corresponderán a meses naturais e o pago destas realizarase por adiantado.*

*O abono da primeira cota mensual, independentemente do tipo de abono do que se trate, conlevará o pago da parte proporcional da cota, tendo en conta a data na cal se realice o seu pagamento, establecendo para iso os seguintes períodos: 1.- Do día 1 ao día 10; 2.- Do día 11 ao 20; 3.- Do día 21 en adiante.*

*FAMILIAR, UNIDADE DE CONVIVENCIA FAMILIAR*

*Para aplicar a cota de abono familiar, entenderase por unidade familiar a aquela formada polo pai, nai e/ou titor legal, xunto cos/as fillos/fillas solteiros/solteiras menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar ata a data de tramitación como alta de persoa usuaria. Asemade a consideración de unidade familiar tamén se fai extensiva a todas as parellas de feito legalmente establecidas e familias monoparentais.*

*No caso dos/das avós/avoas que se encarguen directamente do cuidado de netos/netas ao seu cargo poderán conformar e ser considerado como un núcleo familiar. Neste caso os fillos/fillas dos avós/avoas (pais deses netos/netas) non poderán incluírse como parte do núcleo familiar, tendo que inscribirse de forma independente.*



## **Concello de Cangas**

*\* Documentación acreditativa.- Familiar: certificado de Rexistro Civil, libro de familia, certificado de empadramento familiar ou certificado de convivencia ou certificado de parellas de feito.*

### **REDUCIDO.- MAIORES DE 65, XUBILADOS OU PREXUBILADOS POR RAZÓN ESPECIAIS**

*Accederán a este abono aquelas persoas que acrediten a condición de pensionista por jubilación ou prexubilación. No caso de seren prexubilados/prexubiladas necesitarán presentar a acreditación correspondente. Os/as pensionistas acreditarán esta condición para poder beneficiarse deste.*

*Este abono aplicarase a nivel persoal e de maneira individualizada.*

*Documentación Acreditativa: DNI: no caso de pensionistas / prexubilados / prexubiladas, notificación laboral do INEM.*

### **REDUCIDO FAMILIA NUMEROSA**

*Pódese acoller a esta modalidade de Abono calquera familia sempre e cando acredite que se trata dunha familia numerosa. Enténdese a definición desta de acordo coa normativa vixente en cada momento por parte da Comunidade Autónoma de Galicia.*

*A calquera persoa que acredite pertencer a unha familia numerosa poderá aboarse de forma individual, aplicándoselle neste caso a tarifa de abono reducido.*

*Documentación acreditativa.- Fotocopia do libro de familia numerosa e certificado de empadramento familiar.*

### **REDUCIDO.- DISCAPACIDADE**

*Poderanse acoller a esta modalidade de abono as persoas que teñan un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.*

*Este abono aplicarase a nivel persoal e de maneira individualizada.*

*Documentación acreditativa.- Certificación do Grao de Discapacidade en vigor.*

### **REDUCIDO PARA FAMILIAS DE BAIXO NIVEL DE RENDA**

*Para aplicación deste abono teranse en conta os ingresos económicos da Unidade Familiare tendo como único criterio os ingresos económicos do ano anterior.*



## Concello de Cangas

*O criterio de requisito será que non superen os seguintes límites máximos de rendas obtidas no ano anterior (150% IPREM + 15 % por novo membro)*

| Nº MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR | INGRESOS ANUAIS | INGRESOS MEDIOS MENSUAIS |
|--------------------------------|-----------------|--------------------------|
| Familia de 2 persoas           | 9.585,12 euros  | 798,76 euros / mes       |
| Familia de 3 persoas           | 11.022,84 euros | 918,57 euros / mes       |
| Familia de 4 persoas           | 12.460,56 euros | 1.038,38 euros / mes     |
| Familia de 5 persoas           | 13.898,28 euros | 1.158,19 euros / mes     |
| Familia de 6 persoas           | 19.599,41 euros | 1.278,00 euros / mes     |

*Documentación acreditativa: certificación emitida polos servizos sociais do Concello e coas mesmas condicións que os abonos familiares.*

### *INDIVIDUAL SEN PERMANENCIA*

*Esta modalidade de abono poderase aplicar nun máximo de dous meses por usuario e por ano natural. Este abono estará exento do pago da matrícula. O pago da cota será sempre en efectivo e por adiantado.*

*O/a usuario/usuaria que se acolla a esta modalidade de abono non poderá acollerse a ningún outro desconto aplicado sobre outros tipos de abonos que consten na presente ordenanza.*

### *MENORES*

*Será condición para acollerse a esta modalidade de abono non ter cumprido os 18 anos no momento da tramitación da alta, ademáis de ter a idade mínima de acceso da instalación que consta na ordenanza municipal.*

*O abono mensual terá una cuantía igual ao abono reducido como xubilado. No mes seguinte a cumprir a maioría de idade pasarase a cota como abono individual.*

*Documentación acreditativa. - DNI e autorización paterna/materna/titoría legal.*

### *COTA DE MANTEMENTO*

*Será aplicable a todos/todas os/as abonados/abonadas que así o soliciten, por escrito, con unha duración máxima de tres meses por cada ano natural.*

*Naqueles casos que por prescrición médica ou ausencia por razóns laborais, poderase ampliar esta duración, pero esta non poderá superar os 6 meses por ano natural.*



## **Concello de Cangas**

*Documentación Acreditativa.- Informe médico ou certificado laboral*

### **GRUPOS/COLECTIVOS DE ESPECIAL INTERESE SOCIAL**

*Considéranse grupos de especial interese social a aqueles colectivos de persoas ás que se deben implementar medidas de integración e inclusión social. O departamento de servizos sociais do Concello determinará e acreditará esta condición a aqueles colectivos que soliciten formalmente a aplicación desta cota.*

*Contía.- 4,50 euros/mes -1 sesión semanal.*

*Documentación Acreditativa.- Certificación dos servizos sociais do Concello.*

### **CICLOS FORMATIVOS DE EDUCACIÓN FÍSICA/RESERVAS DE RÚA NA PISCINA-CLUBES DE NATACIÓN-OU SALAS DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS**

*Grupo.-15 euros /día/rúa.  
36 euros /hora/sala de actividades dirixidas.*

### **Epígrafe 2.- MATRÍCULA**

*A matrícula terá validez indefinida que se manterá mentres que o/a abonado/abonada non cause baixa. A baixa como abonado/abonada, seguida dunha nova alta conlevará o pago dunha nova matrícula.*

*Para a aplicación das diferentes matrículas aplicaranse as definicións destas, realizadas no epígrafe anterior.*

*A matrícula nos cursos de natación terá validez indefinida sempre e cando o alumno non cause baixa no curso.*

*As situacións especiais como son o cambio de tempada (parada do curso nos meses de verán), paradas técnicas ou similares, non se consideran baixa do usuario/usuaria, polo que nestes casos o/a usuario/usuaria seguirá mantendo vixente a súa matrícula.*

*A contía da matrícula por familia numerosa será igual á matrícula de abono reducido e aplicarase independetemente do número de membros.*

*A matrícula para menores de idade será igual que a matrícula reducida.*

*Os/as cursillistas non abonados estarán obrigados/obrigadas ao pago da correspondente matrícula.*



## **Concello de Cangas**

*Os/as cursillistas que sexan abonados no momento de tramitar a alta como cursillista quedarán exentos/exentas do pago da matrícula do curso.*

*Calquera persoa abonada poderá cambiar de tipo de abono cando así o solicite por escrito. O cambio de tipo de abono conlevará o pago da diferenza entre a matrícula abonada inicialmente polo usuario/usuaria correspondente ao abono actual en vigor e a matrícula do novo abono sexa superior á xa pagada inicialmente.*

*A matrícula aplicada aos cursos, así como a matrícula aplicada aos abonos non serán nin intercambiabes nin consolidables.*

*Epígrafe 3.- CURSOS.*

### *CURSOS NATACIÓN ESCOLAR*

*Enténdense por natación escolar aquela actividade que fan os escolares mediante acordos coas ANPAS dos centros educativos (infantil, primaria, secundaria) e coa piscina.*

*Natación Escolar -2 días -10,10 euros/mes.*

*Natación Escolar - 1 día - 7,50 euros/mes.*

*Epígrafe 4.- ACCESOS LIBRES*

*O acceso libre terá unha duración máxima de 90 minutos desde a súa expedición ata o momento da saída das instalacións.*

*Epígrafe 5.- USO PISTAS SQUASH*

*As persoas non abonadas que desexen facer uso das pistas de squash terán que abonar ademais da cota por uso da pista o pago do acceso á instalación.*

### *ARTIGO 5.- NORMAS DE XESTIÓN*

*A modificación en calquera tipo de abono tense que facer por escrito na recepción da propia instalación antes do día 20 do mes anterior ao mes no que desexe facer efectivo o cambio. No caso de que o día 20 coincida en domingo ou festivo, o día límite para a realización dos cambios de abono será o seguinte día hábil.*

*Ademais do exposto, esta ordenanza está enmarcada e coordinada co Regulamento de uso e funcionamento das instalacións deportivas municipais (BOPPO, 2 febreiro 2004)“.*



## Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda quedar informada do Anexo á Ordenanza de Prezos Públicos polo Servizo da Piscina Cuberta climatizada municipal do Concello de Cangas.

### SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE

#### **9º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE SERVIZOS SOCIAIS S/APROBACIÓN DEFINITIVA DAS AXUDAS DO PROGRAMA "ENREDOS DE VERÁN-2016"**

Examinada a proposta do día 17.06.2016 do concelleiro de Servizos Sociais, relativa á aprobación definitiva das becas de asistencia ao Programa "Enredos de Verán-2016", que se realizará desde o 27 de xuño ao 26 de agosto do ano que andamos, destinadas a favorecer a integración socio-laboral das persoas responsables dos menores e potenciar a participación das nenas e dos nenos en actividades de lecer, e que é como segue:

#### **"PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DAS AXUDAS DO PROGRAMA 'ENREDOS DE VERÁN-2016' PARA NENOS/NENAS DO CONCELLO DE CANGAS**

Tomás Hermelo Álvarez, concelleiro de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade do Concello de Cangas,

#### **PROPÓN**

Á Xunta de Goberno Local a aprobación definitiva das becas de asistencia ao programa 'Enredos de Verán-2016', que se realizará do 27 de xuño ao 26 de agosto de 2016, destinadas a favorecer a integración socio laboral das persoas responsables dos menores e potenciar a participación das nenas e dos nenos en actividades de lecer.

| Nº REGISTRO | APELIDOS, NOME SOLICITANTE | APELIDOS, NOME MENOR | OPCIÓN DO PROGRAMA    | Nº DÍAS SOLICITADOS               | BONIFICACIÓN | IMPORTE AXUDA PROPOSTA | RESOLUCIÓN | MOTIVO |
|-------------|----------------------------|----------------------|-----------------------|-----------------------------------|--------------|------------------------|------------|--------|
| 6.753       | G.S.S.                     | N.G.D.               | ACTIVIDADES MAÑÁN     | 9 (DO 26 DE XULLO AO 5 DE AGOSTO) | 100 %        | 45,00 €                | CONCEDIDA  |        |
| 6.790       | P.C.A.                     | M.P.A.               | ACTIVIDADES + COMEDOR | 19 (DO 1 AO 26 DE AGOSTO)         | 85 %         | 145,35 €               | CONCEDIDA  |        |
|             |                            | M.P.E.               |                       |                                   |              | 72,68 €                |            |        |



## Concello de Cangas

|       |          |          |                       |  |       |          |           |                 |
|-------|----------|----------|-----------------------|--|-------|----------|-----------|-----------------|
| 6.811 | F.M.M.A. | F.T.H.H. | ACTIVIDADES + COMEDOR | 18 (XUÑO E XULLO: MARTES E XOVES E EN AGOSTO OS MÉRCORES E OS VENRES)                | 100 % | 162,00 € | CONCEDIDA |                 |
| 6.812 | G.S.M.   | M.G.M.   | ACTIVIDADES MAÑÁ      | 39 (DO 1 DE XULLO AO 26 DE AGOSTO)   | 100 % | 195,00 € | CONCEDIDA |                 |
|       |          | M.G.P.   |                       |  |       | 97,50 €  |           |                 |
| 6.843 | G.A.M.C. | M.G.A.   | ACTIVIDADES MAÑÁ      | 24 (DO 27 DE XUÑO AO 29 DE XULLO)  | 0%    | 0,00 €   | DENEGADA  | SUPERA INGRESOS |
| 6.873 | R.P.C.G. | R.P.D.A. | ACTIVIDADES + COMEDOR | 43 (DO 27 DE XUÑO AO 26 DE AGOSTO)   | 100%  | 387,00 € | CONCEDIDA |                 |
| 6.874 | P.M.S.   | A.P.D.   | ACTIVIDADES + COMEDOR | 38 (DO 27 DE XULLO AO 15 DE XULLO E DO 26 DE XULLO AO 26 DE AGOSTO)                  | 100%  | 171,00 € | CONCEDIDA |                 |
|       |          | M.P.C.   |                       | 43 (DO 27 DE XUÑO AO 26 DE AGOSTO)   |       | 387,00 € |           |                 |
| 6.886 | B.N.A.   | F.B.D.   | ACTIVIDADES MAÑÁ      | 22 (DO 27 AO 30 DE XUÑO , DO 18 AO 29 DE XULLO E DO 16 AO 26 DE AGOSTO)              | 50 %  | 55,00 €  | CONCEDIDA |                 |
|       |          | F.B.N.   |                       |  |       | 27,50 €  |           |                 |
| 6.888 | G.P.D.   | G.G.D.   | ACTIVIDADES + COMEDOR | 24 (DO 27 DE XUÑO AO 8 DE XULLO, E OS MARTES E XOVES DO 12 DE XULLO AO 25 DE AGOSTO) | 0%    | 0,00 €   | DENEGADA  | SUPERA INGRESOS |
|       |          | G.G.U.   |                       |  |       |          |           |                 |
| 6.920 | F.S.R.   | M.F.J.   | ACTIVIDADES MAÑÁ      | 16 ( MARTES E XOVES DO MES DE XULLO E DE AGOSTO)                                     | 100%  | 80,00 €  | CONCEDIDA |                 |
| 6.923 | J.J.M.   | J.J.A.   | ACTIVIDADES + COMEDOR | 29 (DO 4 AO 15 DE XULLO, DO 26 DE XULLO AO 12 DE AGOSTO E DO 22 AO 26 DE AGOSTO)     | 100%  | 130,50 € | CONCEDIDA |                 |
|       |          | J.J.E.   |                       | 38 (DO 2 DE XULLO AO 26 DE AGOSTO)   |       | 342,00 € |           |                 |
| 6.931 | B.A.S.   | G.B.A.   | ACTIVIDADES MAÑÁ      | 43 (DO 27 DE XUÑO AO 26 DE AGOSTO)   | 50 %  | 107,50 € | CONCEDIDA |                 |
| 6.932 | P.M.S.   | F.P.A.   | ACTIVIDADES MAÑÁ      | 18 (MARTES E XOVES, DENDE O 28 DE XUÑO AO 25 DE AGOSTO)                              | 0%    | 0,00 €   | DENEGADA  | SUPERA INGRESOS |
| 6.933 | M.R.M.E. | O.M.Y.   | ACTIVIDADES MAÑÁ      | 9 (DO 26 DE XULLO AO 5 DE AGOSTO)  | 0%    | 0,00 €   | DENEGADA  | SUPERA INGRESOS |



## Concello de Cangas

|       |           |   |                          |   |      |  |           |                       |
|-------|-----------|---|--------------------------|---|------|--|-----------|-----------------------|
| 6.941 | H.F.      | B.H.H.<br>B.H.M.                          | ACTIVIDADES +<br>COMEDOR | 43 (DO 27 DE XUÑO<br>AO 26 DE AGOSTO)   | 0%   | 0,00 €                                     | DENEGADA  | SUPERA<br>INGRESOS    |
| 6.942 | B.B.M.    | M.B.L.<br>M.B.S.                          | ACTIVIDADES +<br>COMEDOR | 22 (LUNS, MÉRCORES<br>E VENRES DE XULLO E<br>DE AGOSTO) (OS<br>MÉRCORES SEN<br>COMEDOR) | 100% | 166,00 €<br>83,00 €                        | CONCEDIDA |                       |
| 6.943 | A.I.A.    | A.F.I.                                    | ACTIVIDADES +<br>COMEDOR | 38 (DO 27 DE XUÑO<br>AO 1 DE XULLO E DO<br>11 DE XULLO AO 26<br>DE AGOSTO)              | 100% | 342,00 €                                   | CONCEDIDA |                       |
| 6.948 | R.D.S.M.. | V.R.J.D.<br>V.R. A.<br>V.R.M.L.<br>G.R.A. | ACTIVIDADES +<br>COMEDOR | 43 (DO 27 DE XUÑO<br>AO 26 DE AGOSTO)<br><br>19 (DO 1 AO 26 DE<br>AGOSTO)               | 100% | 387,00€<br>193,50 €<br>193,50 €<br>85,50 € | CONCEDIDA |                       |
| 6.949 | D.G.A     | C.D.A                                     | ACTIVIDADES +<br>COMEDOR | 19 (MES DE XULLO OU<br>DE AGOSTO)   | 100% | 171,00 €                                   | CONCEDIDA |                       |
| 6.950 | P.Q.S.    | H.P.Y.                                    | ACTIVIDADES +<br>COMEDOR | 43 (DO 27 DE XUÑO<br>AO 26 DE AGOSTO)   | 100% | 387,00 €                                   | CONCEDIDA |                       |
| 6.951 | F.M.M.Y.  | G.F.M.                                    | ACTIVIDADES<br>MAÑÁ      | 27 (MARTES,<br>MÉRCORES E XOVES,<br>DO 28 DE XUÑO AO<br>25 DE AGOSTO)                   | 0%   | 0,00 €                                     | DENEGADA  | SUPERA<br>INGRESOS    |
| 6.959 | B.C.L.    | P.B.M.X.                                  | ACTIVIDADES +<br>COMEDOR | 43 (DO 27 DE XUÑO<br>AO 26 DE AGOSTO)   | 100% | 387,00 €                                   | CONCEDIDA |                       |
| 6.963 | G.C.S.    | B.G.E.                                    | ACTIVIDADES<br>MAÑÁ      | 38 (DO 4 DE XULLO<br>AO 26 DE AGOSTO)   | 50 % | 95,00 €                                    | CONCEDIDA |                       |
| 6.970 | F.M.      | F. J.<br>F.N.                             | ACTIVIDADES +<br>COMEDOR | 10 (DO 27 DE XUÑO<br>AO 8 DE XULLO)   | 100% | 90,00 €<br>45,00 €                         | CONCEDIDA |                       |
| 6.979 | M.T.R.    | G.M.D.A.<br>G.M.L.D.<br>G.M.P.A.          | ACTIVIDADES +<br>COMEDOR | 22 (DO 27 AO 30 DE<br>XUÑO, DO 18 AO 29<br>DE XULLO E DO 16 AO<br>26 DE AGOSTO)         | 0 %  | 0,00 €<br>0,00 €<br>0,00 €                 | DENEGADA  | PENDENTE<br>IRPF 2015 |
| 6.980 | D.S. J.J. | H.A.Z.J.                                  | ACTIVIDADES +<br>COMEDOR | 24 (OS MARTES,<br>MERCORES E VENRES<br>DO MES DE XULLO E<br>DE AGOSTO)                  | 85 % | 183,60 €                                   | CONCEDIDA |                       |





## Concello de Cangas

|                         |        |            |                           |  |      |                       |           |                 |
|-------------------------|--------|------------|---------------------------|--|------|-----------------------|-----------|-----------------|
| 7.196                   | C.R.S. | C.D.D.     | ACTIVIDADES + COMEDOR     | 43 (DO 27 DE XUÑO AO 26 DE AGOSTO)   | 100% | 387,00 €              | CONCEDIDA |                 |
| 7.244                   | F.O.A. | N.F.H.     | ACTIVIDADES MAÑÁ          | 43 (DO 27 DE XUÑO AO 26 DE AGOSTO)   | 50%  | 107,50 €              | CONCEDIDA |                 |
| 7.296                   | P.R.S. | A.P. M.J.  | ACTIVIDADES MAÑÁ          | 18 (4, 6, 8, 18, 20, 27 E 29 DE XULLO E O 1, 3, 5, 8, 10, 12, 17, 19, 22, 24 E 26 DE AGOSTO) | 0%   | 0,00 €                | DENEGADA  | SUPERA INGRESOS |
|                         |        | A.P.D.     |                           |  |      |                       |           |                 |
| 7.313                   | P.P.E. | F.P.N. V.  | ACTIVIDADES + COMEDOR     | 10 (DO 4 AO 15 DE XULLO)   | 100% | 90,00 €               | CONCEDIDA |                 |
|                         |        | F.P.S.C.   |                           |  |      | 45,00 €               |           |                 |
| 7.344                   | N.M.I. | N.B.L.     | ACTIVIDADES MAÑÁ          | 8 (MARTES E XOVES DE AGOSTO)   | 85%  | 34,00 €               | CONCEDIDA |                 |
| 7.360                   | P.P.P. | N.P.B.     | ACTIVIDADES MAÑÁ          | 9 (DO 16 AO 26 DE AGOSTO)  | 50%  | 22,50 €               | CONCEDIDA |                 |
|                         |        | N.P.A.     |                           |  |      | 11,25 €               |           |                 |
| SOLICITUDES PRESENTADAS |        | Nº MENORES | Nº SOLICITUDES CONCEDIDAS | 25 NEN@S   | 100% | ORZAMENTO DO PROGRAMA |           |                 |
|                         |        |            |                           | 4 NEN@S  | 85%  |                       |           |                 |
|                         |        |            |                           | 0 NEN@S  | 60 % |                       |           |                 |
|                         |        |            |                           | 7 NEN@S  | 50%  |                       |           |                 |
| 32                      |        | 49         | 24                        | 36 NEN@S BENEFICIARIOS DAS BECAS   |      | 5.911,58 €            |           |                 |

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta do concelleiro de Servizos Sociais, relativa á aprobación definitiva das becas de asistencia ao Programa "Enredos de Verán-2016".

### ENSINO E DEPORTE

#### **10º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE ENSINO E DEPORTE S/APROBACIÓN DE BASES DE AXUDAS PARA O COMEDOR ESCOLAR CURSO 2016/2017**

Examinada a proposta do concelleiro de Ensino e Deporte do día 16.06.2016, relativa á aprobación de bases de axudas para o comedor escolar curso 2016/2017, que di:

*"PROPOSTA PARA APROBACIÓN DAS BASES DE AXUDAS DE COMEDOR ESCOLAR CURSO 2016/2017*



## Concello de Cangas

*Xoán C. Chillón Iglesias, concelleiro de Ensino e Deporte do Concello de Cangas, propón á Xunta de Goberno Local a aprobación das seguintes:*

***Bases reguladoras para a concesión de axudas de comedor para alumnos/alumnas de educación infantil (segunda etapa) e educación primaria do CEIP CANGAS, CEIP DO HÍO, CEIP Espiñeira e CEIP DA Rúa do Concello de Cangas, Curso 2016/2017.***

### *PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA*

*E obxecto da presente convocatoria regular o sistema de concesión de becas de comedor, nos centros escolares que dispoñan deste servizo de catering para o curso 2016/2017, dirixidas a menores escolarizados na segunda etapa de educación infantil e educación primaria, nos CEIP de Espiñeira, o Hío, Nazaret e a Rúa.*

*As axudas de comedor van dirixidas a familias con dificultades socioeconómicas. Estas axudas outorgaranse de acordo aos principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.*

### *SEGUNDA.- FINALIDADE*

*O fin último destas subvencións é o de favorecer a integración socio laboral dos pais, nais, titores ou acolledores dos menores, apoiando as unidades familiares que por escasez de recursos económicos non poden afrontar o custo do comedor escolar dos menores.*

### *TERCEIRA.- INCOMPATIBILIDADES*

*As axudas municipais de comedor son incompatibles con calquera outra axuda para a mesma finalidade de organismos públicos ou privados, comprometéndose o/a solicitante a comunicalo e reintégralo ao Concello no caso de ter percibida outra axuda.*

### *CUARTA.- SOLICITANTES/BENEFICIARIOS*

*A presente convocatoria establece como solicitante aos/ás pais/nais ou titor/a legal dos alumnos/alumnas matriculados para o curso 2016/2017 nos CEIP do Hío, A Espiñeira, Nazaret e A Rúa, nos niveis de:*

- Educación infantil (2ª etapa): de 3 a 5 anos.*
- Educación primaria: de 6 a 12 anos.*

*As subvencións que se outorguen en calquera das modalidades, realizaránse en réxime de concorrencia competitiva.*



## Concello de Cangas

### QUINTA.- REQUISITOS

*Serán requisitos necesarios para solicitar as axudas os seguintes:*

- 1. A unidade familiar deberá estar empadroadada e residir de modo efectivo no concello de Cangas.*
- 2. Convivir cos alumnos/alumnas para os que se solicitan as axudas.*
- 3. Estar matriculado/matriculada para a segunda etapa de educación infantil ou educación primaria, no curso escolar de 2016/2017, no CEIP do Hío, A Espiñeira, Nazaret ou A Rúa, no termo municipal de Cangas.*
- 4. Debese contar con praza no comedor, de non ser así aínda tendo concedida a axuda non se fará efectiva.*
- 5. Que os ingresos económicos da unidade familiar non supere os seguintes límites máximos de rendas obtidas no ano 2015: (150 % IPREM + 15 % por novo membro).*

| Nº DE MEMBROS DA FAMILIA | INGRESOS ANUAIS | INGRESOS MEDIOS |
|--------------------------|-----------------|-----------------|
| Familia de 2 membros     | 9.585,12 €      | 798,76 €/mes    |
| Familia de 3 membros     | 11.022,84 €     | 918,57 €/mes    |
| Familia de 4 membros     | 12.460,56 €     | 1.038,38 €/mes  |
| Familia de 5 membros     | 13.898,28 €     | 1.158,19 €/mes  |
| Familia de 6 membros     | 19.599,41 €     | 1.278,00 €/mes  |

*Para os efectos destas axudas enténdese por unidade familiar a formada polo pai, nai, titor ou persoa encargada da garda e protección do menor así como os seus fillos/fillas solteiros/solteiras menores de vinte e seis anos que convivisen no domicilio familiar ata a data da publicación da presente convocatoria. A separación transitoria motivada por razóns de estudo, traballo, tratamento médico ou outras causas similares, non rompe a convivencia para estes efectos.*

*Nos casos de garda e custodia compartida dos/das menores para os que se solicita beca, contabilizaranse os ingresos de ambos proxenitores.*

*Terán a consideración de ingresos os de calquera procedencia: salarios, pensións contributivas e non contributivas, prestacións, rendas, rendementos por actividades profesionais, industriais, agrarias, deportivas e artísticas, tanto de carácter fixo como eventual e outras.*

*Tendo en conta que as axudas están destinadas a familias con dificultades socioeconómica, as solicitudes que cumpran os requisitos, se valorarán segundo os seguintes criterios: ingresos da unidade familiar, nº de fillos/fillas en idade escolar e problemática social.*



## Concello de Cangas

*Puntuándose cada unha delas segundo o baremo que figura na base oitava das presentes bases. A puntuación individual acadada de cada unha das solicitudes priorizará a orde de concesión, dentro da capacidade orzamentaria consignada para tal concepto.*

*Poderá valorarse a situación económica do ano 2016 da unidade familiar, sempre que se demostre que o nivel de renda da economía doméstica sufriu un forte decremento e que neste intre se cumpren os requisitos establecidos.*

### **SEXTA.- CONTÍA DAS AXUDAS**

*As axudas a conceder mediante a presente convocatoria será de:*

- Bonificación do 100% do custo do servizo de comedor escolar para os/as alumnos/alumnas pertencentes a unidades familiares cunha renda inferior a contia da RISGA [o 75 % do IPREM (399,38 € ); 14 % do IPREM mensual adicional polo 2º membro (74,55 €) ; 12 % adicional polo 3º (63,90 €) ; 10 % adicional polo 4º e sucesivos (53,25 €).*

| Nº DE MEMBROS DA FAMILIA | INGRESOS ANUAIS | INGRESOS MEDIOS |
|--------------------------|-----------------|-----------------|
| Familia de 2 membros     | 5.687,16 €      | 473,93 €/mes    |
| Familia de 3 membros     | 6.453,96 €      | 537,83 €/mes    |
| Familia de 4 membros     | 7.092,96 €      | 591,08 €/mes    |
| Familia de 5 membros     | 7.731,96 €      | 644,33 €/mes    |
| Familia de 6 membros     | 8.370,96 €      | 697,58 €/mes    |

- Bonificación do 85% do custo do servizo de comedor escolar para os/as alumnos/alumnas pertencentes a unidades familiares cunha renda inferior ao 125% da contia da RISGA.*

| Nº DE MEMBROS DA FAMILIA | INGRESOS ANUAIS | INGRESOS MEDIOS |
|--------------------------|-----------------|-----------------|
| Familia de 2 membros     | 7.108,92 €      | 592,41 €/mes    |
| Familia de 3 membros     | 8.067,48 €      | 672,29 €/mes    |
| Familia de 4 membros     | 8.866,20 €      | 738,85 €/mes    |
| Familia de 5 membros     | 9.664,92 €      | 805,41 €/mes    |
| Familia de 6 membros     | 10.463,76 €     | 871,98 €/mes    |

- Bonificación do 60% do custe do servizo de comedor escolar para os/as alumnos/alumnas pertencentes a unidades familiares cunha renda inferior ao 125% do IPREM + 15% adicional por cada membro da unidade familiar.*

| Nº DE MEMBROS DA FAMILIA | INGRESOS ANUAIS | INGRESOS MEDIOS |
|--------------------------|-----------------|-----------------|
|--------------------------|-----------------|-----------------|



## Concello de Cangas

|                      |             |                |
|----------------------|-------------|----------------|
| Familia de 2 membros | 7.987,68 €  | 665,64 €/mes   |
| Familia de 3 membros | 9.185,76€   | 765,48 €/mes   |
| Familia de 4 membros | 10.383,84 € | 865,32 €/mes   |
| Familia de 5 membros | 11.581,92 € | 965,16 €/mes   |
| Familia de 6 membros | 12.780,00 € | 1.065,00 €/mes |

- *Bonificación do 50% do custe do servizo de comedor escolar para os/as alumnos/alumnas pertencentes a unidades familiares cunha renda inferior ao 150% do IPREM + 15% adicional por cada membro da unidade familiar.*

| Nº DE MEMBROS DA FAMILIA | INGRESOS ANUAIS | INGRESOS MEDIOS |
|--------------------------|-----------------|-----------------|
| Familia de 2 membros     | 9.585,12 €      | 798,76 €/mes    |
| Familia de 3 membros     | 11.022,84 €     | 918,57 €/mes    |
| Familia de 4 membros     | 12.460,56 €     | 1.038,38 €/mes  |
| Familia de 5 membros     | 13.898,28 €     | 1.158,19 €/mes  |

### *SÉTIMA.- FORMALIZACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN*

*As/os solicitantes presentarán as súas solicitudes a través do rexistro xeral municipal do Concello de Cangas, segundo o modelo que figura como Anexo I, achegadas da documentación acreditativa do cumprimento de requisitos e circunstancias que permitan avaliar as situacións sociofamiliares.*

*A documentación que deberá acompañar as solicitudes será a seguinte:*

- 1. Fotocopia do DNI, NIE do/da solicitante en vigor.*
- 2. Fotocopia do Libro de Familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar coas súas data de nacemento.*
- 3. Certificado de empadramento e de convivencia familiar, expedido polo Concello.*
- 4. Certificación de matrícula do colexio, para curso 2016/2017.*
- 5. Xustificación da situación económica e laboral de todo o ano 2015, de todos os membros da unidade familiar maiores de 16 anos:*
  - 1. Certificacións de empresa ou fotocopias das nóminas.*
  - 2. Certificacións do INEM sobre prestacións de desemprego.*
  - 3. Certificacións sobre pensións...*
  - 4. Calquera outro documento xustificativo de ingresos.*
  - 5. Fotocopia da declaración do IRPF do exercicio 2015, no suposto de facela, correspondentes a cada un dos membros computables da unidade familiar; ou certificado negativo, no suposto de non estar obrigado a realizala, expedido pola Administración Tributaria de Facenda.*
- 6. No caso de que na unidade familiar existan persoas en idade laboral (maiores de 16 anos) que non traballen, deberán presentar informes de vida laboral, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.*



## **Concello de Cangas**

*7. No caso de separación ou divorcio, deberase aportar convenio regulador así como documento xustificativo das achegas económicas actualizadas, ou no seu defecto, denuncia por incumprimento.*

*8. Fotocopia da certificación do grado de minusvalidez e/ou de dependencia, no caso de que algún membro da familia estea afectado por ela, ou resolución de invalidez.*

*9. Calquera outra documentación que se considere conveniente na instrución do procedemento de resolución.*

*No caso de que algúns documentos requiridos no poidan presentarse por impedimento legal ou administrativo, substituirase por unha declaración xurada de compromiso. Dita documentación presentarse antes da proposta de resolución, nun prazo máximo de 10 días.*

### **OITAVA.- TRAMITACIÓN E REPARACIÓN DE ERROS**

*A instrución do procedemento de concesión das axudas convocadas, correspóndelle ao departamento de servizos sociais, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa, e si fora o caso, requirirá para subsanación da solicitude ou documentación perceptiva de acordo co establecido no artigo 71.1 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas, para que no prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos requiridos, informándose de que, de non o facer, teráselle por desistido do seu pedimento.*

*As traballadoras sociais de atención primaria do Centro Municipal de Benestar Social serán as encargadas de realizar o estudo, avaliación e baremación de cada unha das solicitudes, quedando reflectido nun informe social individualizado.*

*Una vez feita a valoración de todas as solicitudes, emitirase un informe global comprensivo de todas as solicitudes candidatas ás axudas, que recolla as incidencias avaliadas segundo os seguintes datos:*

- 1. Nº de orde da solicitude, segundo a puntuación na aplicación do baremo.*
- 2. Nome e apelidos do solicitante de axuda.*
- 3. DNI ou NIE.*
- 4. Nome e apelidos do/a rapaz/a para o que se solicita a axuda.*
- 5. Contía do aluguer da vivenda ou do crédito hipotecario para a adquisición desta.*
- 6. Ingresos netos medios mensuais da unidade familiar.*
- 7. Nº membros da unidade de convivencia.*
- 8. Nº de membros da unidade de convivencia estudantes.*
- 9. Problemática social.*
- 10. importe da axuda proposta.*
- 11. Puntuación total obtida.*



## **Concello de Cangas**

*12. Centro docente no que se atopa escolarizado.*

### **NOVENA.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

*Os criterios de avaliación viran dados polas seguintes variables: ingresos, situación laboral, número de fillos/fillas en idade escolar, outros/as fillos/fillas estudantes e a problemática social.*

*O baremo ten por obxecto establecer unha orde de prioridade na concesión das axudas a tenor da maior necesidade estimada. O baremo a aplicar será o seguinte:*

#### **1. AVALIACIÓN DA SITUACIÓN ECONÓMICA DA UNIDADE FAMILIAR:**

*Para avaliar a situación económica da unidade de convivencia partírase dos ingresos medios mensuais establecidos na presente convocatoria. Fixarase como base de cálculo a contía de setecentos noventa e oito euros con setenta e seis céntimos (798,76 €).*

*A base de cálculo terá un valor constante de 50 puntos. Para efectos de contabilidade da puntuación partírase dos ingresos medios mensuais da unidade familiar (segundo o establecido na base quinta das presentes bases), puntuándose da seguinte forma (Anexo III):*

*Os ingresos inferiores a base de cálculo, contados a partir dela de forma consecutiva e en sentido decrecente, computaranse por tramos de 6,00 €. A cada tramo daráselle un valor de 2 puntos. A puntuación final, se obterá incrementando ó valor constante de 50 puntos, o resultado do valor da suma dos tramos indicados.*

*Os ingresos superiores a base de cálculo, daráselle unha puntuación de menos 1 punto por cada tramo de 12 € superiores á base de cálculo. A puntuación final se obterá restando o valor constante de 50 puntos, a suma negativa correspondente o resultado do valor da suma de tódolos tramos a considerar.*

#### **2. AVALIACIÓN DA UNIDADE DE CONVIVENCIA:**

*A cada membro da unidade de convivencia se lle dará 1 punto positivo. A suma de todos eles será a puntuación total.*

#### **3. AVALIACIÓN POR MEMBROS DA UNIDADE DE CONVIVENCIA QUE CURSEN ESTUDOS:**



## Concello de Cangas

*Daráselle un punto positivo a cada un dos membros da unidade de convivencia que estean escolarizados ou cursen estudos no curso 2016/2017, segundo a táboa seguinte:*

| Nº DE NENOS/AS ESCOLARIZADOS/AS | PUNTUACIÓN |
|---------------------------------|------------|
| 1                               | 1 punto    |
| 2                               | 5 puntos   |
| 3                               | 10 puntos  |
| 4                               | 15 puntos  |
| 5                               | 20 puntos  |

#### *4. AVALIACIÓN TÉCNICA DA PROBLEMATICA SOCIAL:*

*Esta puntuación será a que resulta de considerar a posible concorrencia de determinadas circunstancias subxectivas dentro da unidade familiar, que deben ser avaliadas por canto poidan incidir no grao de necesidade. Representa unha avaliación adicional feita polas Traballadoras Sociais dos Servizos Sociais de atención primaria do concello, que non pode sobre pasar os 65 puntos.*

*O baremo para avaliar as circunstancias concorrentes e/ou simultáneas é o seguinte:*

| PROBLEMATICA SOCIAL  | PUNTUACIÓN |
|--|------------|
| 1.- Familias incluídas no Programa de Intervención Social no ámbito dos Servizos Sociais de Atención Primaria (RAISS, PARRULOS...)   | 10 puntos  |
| 2.- Familias beneficiarias da RISGA  | 10 puntos  |
| 3.- Familias Monomarentais/parentais en desemprego   | 9 puntos   |
| 4.- Familias monomarentais/parentais   | 8 puntos   |
| 5.- Familias con ambos proxenitores en situación de desemprego   | 8 puntos   |
| 6.- Menores en acollemento familiar, formalizado pola Administración   | 8 puntos   |
| 7.- Menor en situación de desprotección  | 8 puntos   |
| 8.- Familias nas que algún/s membro/s estean afectados por algunha minusvalía legalmente calificada ou limitación de saúde que ocasionen situacións de dependencia acreditada de subsistencia da unidade familiar. | 5 puntos   |
| 9.- Familias cun proxenitor en situación de desemprego.  | 4 puntos   |
| 10.- Familias con ambos proxenitores traballando   | 4 puntos   |
| Se a situación familiar non se recolle nestas opcións  | 0 puntos   |

*A puntuación acadada nos apartados 3, 4, 5, 9 e 10 da problemática social non son acumulables.*





## Concello de Cangas

*No suposto de que o número de solicitudes que reúnan os requisitos esixidos superen o importe destinado a estas, darase prioridade ás daquelas familias que obteñan unha maior puntuación segundo o baremo. No suposto de igualdade na puntuación final entre solicitantes, establecerase a listaxe de concesión en orde inverso á da contía da renda per cápita da unidade familiar. De producirse unha igualdade entre dous ou mais expedientes, se terá en conta o número de rexistro de entrada da solicitude.*

### **DECIMA.- PUBLICIDADE E PRAZO DE SOLICITUDE**

*A publicación das presentes bases e a resolución das axudas realizarase no taboleiro de anuncios do Concello, do Centro Municipal de Benestar Social, na paxina web do Concello de Cangas e dándolle difusión aos CEIP de Espiñeira, o Hío, Nazaret e a Rúa.*

*O prazo de presentación de solicitudes será durante o mes de xullo (do 1 ao 31, ambos inclusive).*

### **DÉCIMO PRIMEIRA: COMISIÓN CUALIFICADORA**

*A comisión cualificadora será a encargada de analizar o informe técnico de avaliación do conxunto das solicitudes presentadas, e propondrá a concesión ou denegación das axudas económicas.*

*A comisión cualificadora estará presidida polo concelleiro delegado de Ensino e composta, ademais, polos seguintes membros:*

- *Concelleiro delegado de Servizos Sociais.*
- *Director do Centro Municipal de Benestar Social*
- *Unha traballadora social de Atención Primaria do CMBS, actuando de secretaria.*
- *A educadora familiar do concello.*

### **DECIMO SEGUNDA.- RESOLUCIÓN**

*A comisión cualificadora elaborará unha proposta definitiva de resolución, que conterá a relación de todos os solicitantes que participan na convocatoria, os/as alumnos/alumnas, puntuación, expediente, colexio, curso, resolución das axudas, co estado de concedido, denegado ou lista de espera.*

- *Concedidas.- Reseñarase a subvención individual de cada beneficiario, tendo en conta que o importe total das mesmas no poden superar o crédito consignado.*
- *Denegadas.- Farase constar algúns dos seguintes motivos:*



## **Concello de Cangas**

- *A solicitude foi presentada fóra de prazo.*
- *Non aportan a documentación requirida.*
- *Non están empadroados.*
- *Supera ingresos.*
- *O centro non conta co servizo de comedor.*
- *O/A alumno/a non está matriculado/a.*
- *Lista de espera: coa súa correspondente puntuación, será comunicada aos interesados.*

*A Xunta de Goberno Local, a proposta da Comisión de Cualificación, acordará a aprobación definitiva das axudas, que será comunicada aos interesados polo Centro Municipal de Benestar Social.*

### **DÉCIMO TERCEIRA.- PAGAMENTO DAS AXUDAS E XUSTIFICACIÓN**

*A contía da axuda concedida aboarase a empresa prestadora do servizo, a mes vencido e previa comprobación polo centro municipal de benestar social da relación de alumnos/alumnas becados/becadas e dos días de comedor escolar utilizados.*

*O Concello de Cangas asumirá o pago das cotas de comedor dos/das alumnos/alumnas beneficiarios/beneficiarias destas axudas desde a data da resolución definitiva do expediente.*

### **DÉCIMO CUARTA.- FINANCIAMENTO DAS AXUDAS**

***O Concello de Cangas financiará estas axudas con cargo a aplicación orzamentaria, por importe de doce mil trescentos setenta e cinco euros (12.375,00 €) para o ano 2016 e na contía de vinte e sete mil seiscentos setenta e cinco euros (27.675,00 €) para o ano 2017.***

### **DÉCIMO QUINTA.- OBRIGAS DOS/DAS BENEFICIARIOS/BENEFICIARIAS**

*Os/As beneficiarios/beneficiarias das axudas deberán asumir as seguintes obrigas:*

- *Utilizar o servizo de comedor todo o mes, agás causas xustificadas.*
- *Comunicarlle ao departamento de servizos sociais do Concello as baixas.*
- *Cumprimento das normas establecidas no regulamento interno do centro educativo para o servizo de comedor ao que pertence o alumno/a, o donsello escolar do centro poderá adoptar as medidas que crean oportunas. Se a medida adoptada fose a expulsión do servizo de comedor, a axuda suspenderase polo tempo que esta dura.*



Concello de Cangas

EXPEDIENTE

**SOLICITUDE DE AXUDA MUNICIPAL DE COMEDOR ESCOLAR**

**CURSO  
2016/2017**

**1.- DATOS DO/A SOLICITANTE (pai, nai, titor ou persoa cos que convive o/a alumno/a)**

|          |                 |
|----------|-----------------|
| NIF      | Nome e apelidos |
| Teléfono | Enderezo        |

**2.- ALUMNOS/AS PARA OS QUE SOLICITA A AXUDA**

| APELIDOS E NOME | PARENTESCO | CENTRO | CURSO |
|-----------------|------------|--------|-------|
|                 |            |        |       |
|                 |            |        |       |
|                 |            |        |       |
|                 |            |        |       |

**3.- USUARIO/A DO SERVIZO DE COMEDOR**

- Fixo                       Os días:

.....

Cangas                      de                      de 2016  
O/A SOLICITANTE

Asdo.:

Consonte o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Cangas relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia o interesado con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.



Concello de Cangas

**ILMO. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CANGAS  
CESIÓN DO DEREITO DE COBRO**

**ANEXO I**

**A) CEDENTE**

D/D<sup>a</sup> ..... con N.I.F .....  
actuando en nome propio e con poder suficiente ó efecto, transmite os dereitos de  
cobro correspondentes a Axuda Municipal de Comedor Escolar do curso 2016/2017,  
a empresa prestadora do servizo.

En Cangas, de de 2016.

Asdo.: .....

**ANEXO II**

**DECLARACIÓN RESPONSABLE DE ATOPARSE Ó CORRENTE DAS OBRIGAS  
TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL**

D/D<sup>a</sup> ..... con N.I.F .....  
como solicitante da Axuda Municipal de Comedor Escolar do curso 2016/2017,  
DECLARA, baixo a súa responsabilidade que atópase ó corrente das súas obrigas  
tributarias e de seguridade social, nos termos do artigo 14.1.e) da lei 38/2003, de  
17 de novembro, Xeral de Subvencións.

En Cangas, de de 2016.

Asdo.: .....



Concello de Cangas

**Anexo III**  
**Declaración responsable con respecto a cambios na situación socioeconómica durante o ano 2016**

D/D<sup>a</sup> ..... con N.I.F .....  
como solicitante da Axuda Municipal de Comedor Escolar do curso 2016/2017,  
DECLARA, baixo a súa responsabilidade que a situación socioeconómica da  
Unidade familiar variou ao longo do ano 2016 por: \_\_\_\_\_  
polo que achego a seguinte documentación:

- Vida Laboral 2016.
- Xustificante ingresos de toódolos meses 2016.

Outros: \_\_\_\_\_.

En Cangas, de de 2016.

Asdo.: .....



## Concello de Cangas

### DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE

- Solicitud, segundo modelo normalizado.
- Impreso de cesión do dereito de cobro, asinado a favor da empresa prestadora do servizo.
- Impreso de declaración responsable de atoparse ó corrente das obrigas tributarias e da seguridade social.
- Fotocopia do DNI / NIE do solicitante en vigor
- Fotocopia do Libro de familia.
- Certificado de Convivencia.
- Certificado de empadramento familiar.
- Xustificación de ocupación ou desemprego, de tódolos membros –maiores de 16 anos- que conviven no mesmo domicilio:
  - Fotocopia da última Nómina (Traballadores por conta allea).
  - Fotocopia da última declaración trimestral presentada (Traballadores por conta propia).
  - Certificado do INEM actual que acredita a situación de desemprego (data de inscrición) e a percepción ou non de prestacións.
- Fotocopia da última declaración da Renda (IRPF-2015) de tódolos maiores de idade. No caso de non estar obrigado a declara, presentarán a certificación dos datos existentes na Administración e que expide a Axencia estatal de Administración Tributaria, debendo presentar tamén:
  - Certificado de retencións da/das empresas nas que traballaron no ano 2015.
  - Certificado de prestacións económicas do INEM, referido o ano 2015 .
- Informe da Tesourería Xeral da Seguridade Social sobre a vida laboral, si na unidade familiar existen persoas en idade laboral (maiores de 16 anos) que non traballen ou que non xustifique ingresos fixos durante todo o ano 2015.
- No caso de non poder acreditar a súa situación económica cos documentos anteriores, terán que facer unha declaración responsable dos ingresos familiares.
- Certificación de matrícula do centro educativo para o curso 2016/2017.
- Fotocopia da certificación de Minusvalía, no caso de que algún membro da familia estea afectado por ela.
- No caso de variacións na situación económica familiar durante o 2016 deberán achegar: Vida Laboral, Xustificante ingresos 2016 e calqueira outro documento que xustifique ditos cambios. (Anexo III)
- Os servizos sociais municipais poderán solicitar calquera documentación ou aclaración que consideren necesaria.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente, referente a aprobación de



## Concello de Cangas

bases de axudas para o comedor escolar curso 2016/2017, previa comprobación pola Intervención Municipal da existencia de consignación orzamentaria.

### **DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL**

#### **11º.- DACIÓN DE CONTA DE SOLICITUDE DA ALCALDÍA S/REPOSICIÓN DE ACORDO DE APROBACIÓN DA ORDE DO 25 DE ABRIL DE 2016 DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA, POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DE SUBVENCIÓN PARA CREACIÓN DE ESPAZOS DE EMPRENDAMENTO COMERCIAL NO MEDIO RURAL E SE PROCEDE A SÚA CONVOCATORIA PARA O ANO 2016**

Dáse conta da solicitude da Alcaldía do día 13.06.2016, relativa á reposición de acordo de aprobación da orde do 25 de abril de 2016 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvención para a creación de espazos de emprendemento comercial no medio rural e se procede a súa convocatoria para o ano 2016, que di:

*"D. XOSÉ MANUEL PAZOS VARELA, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CANGAS*

*EXPÓN:*

*PRIMEIRO.- Que en data 19.02.2016 foi convocado a unha xuntanza pola Sra. directora xeral de comercio, co obxecto de solicitar a colaboración do Concello de Cangas na campaña 'Quere ao teu mercado'.*

*SEGUNDO.- Que á dita xuntanza, realizada o 7 de marzo de 2016 no salón pequeno do edificio administrativo de San Caetano acudiu, en representación do Concello de Cangas, a concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local dona Ánxela Vizoso Marcos.*

*TERCEIRO.- Que no trancurso da sesión a Sra. directora xeral adiantou as novas liñas de axudas da Consellería de Emprego, Emprego e Industria dirixidas ás prazas de abastos de Galicia, enmarcadas no Plan Estratéxico de Impulso ao Comercio de Galicia 2015-2020, e en particular, ás referidas á creación de 'espazos de emprendemento comercial para o ano 2016', sen facer referencia ningunha a limitacións de concorrencia con base á poboación municipal.*

*CUARTO.- Que analizada a orde do 25 de abril de 2016 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de*



## Concello de Cangas

*subvencións ao concellos galegos para a creación de espazos de emprendemento comercial no medio rural e se procede á súa convocatoria para o ano 2016 (DOG número 93 de 18 de maio de 2016), se establece no artigo 3 que poderán ser beneficiarios das subvencións 'os concellos da comunidade Autónoma de Galicia de ata 20.000 habitantes', quedando o Concello de Cangas excluído dos seus beneficios a tenor deste criterio.*

*QUINTO.- Que o Concello de Cangas é un territorio rural composto por cinco parroquias de moi diversa configuración xeográfica e poboacional, con produtos locais e autóctonos procedentes do agro e da pesca de gran calidade, que precisan unha valorización que sería posible coa aplicación da orde do 25 de abril de 2016.*

*SEXTO.- Que o Concello de Cangas sofre altos niveles de desemprego (2.487 desempregados/as en maio de 2016, segundo o informe do paro por concellos e comarcas da Consellería de Economía, Emprego e Industria, de maio de 2016), aportando a orde de creación de espazos de emprendemento comercial do 25 de abril de 2016 ferramentas moi útiles para loitar contra isto.*

*SÉTIMO.- Que non atopamos no Plan Estratéxico de Impulso ó Comercio de Galicia 2015-2020 definición ou xustificación que apoie o criterio establecido no artigo 3 da 1 orde do 25 de abril de 2016, que exclúe aos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia de máis de 20.000 habitantes dos seus beneficios.*

*OITAVO.- Que a Lei 45/2007, de 13 de decembro, para o Desenvolvemento Sostible do Medio Rural, define como medio rural: 'o espazo xeográfico formado pola agregación de municipios ou entidades locais menores definido polas administracións competentes que posúan unha poboación inferior a 30.000 habitantes e unha densidade inferior os 100 habitantes por km<sup>2</sup>'.*

*Tamén define o 'municipio rural de pequeno tamaño: o que posúa unha poboación residente inferior aos 5.000 habitantes e esté integrado no medio rural'.*

*NOVENO.- Que non atopamos por tanto, con base nos puntos anteriores, xustificación á fixación dos 20.000 habitantes que se establecen nesta orde como criterio indicador da ruralidade dun territorio.*

*DÉCIMO.- Que o mercado de abastos municipal é unha construción de singular significación histórica e patrimonial para os cangueses e canguesas, que dispón no seu primeiro andar, actualmente en desuso, dun espazo idóneo para o establecemento de espazos de emprendemento comercial, impulsado e modernizando a imaxe deste edificio e complementando os servizos existentes,*





## Concello de Cangas

*mellorando a calidade e imaxe comercial de xeito que se daría cumprimento ós obxectivos da Orde do 25 de abril e do PEICG 205-2020.*

*En vista do anterior,*

*SOLICITA:*

*PRIMEIRO.- Se proceda á reposición do acordo adoptado polo cal se aprobou a Orde do 25 de abril de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvención aos concellos galegos para a creación de espazos de emprendemento comercial no medio rural e se procede á súa convocatoria para o ano 2016 (código de procedemento IN2011).*

*SEGUNDO.- Que se aproben unhas novas bases de axudas tendo en conta estas alegacións."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda quedar informada da solicitude da Alcaldía do día 13.06.2016, relativa á reposición de acordo de aprobación da orde do 25 de abril de 2016 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvención para a creación de espazos de emprendemento comercial no medio rural e se procede a súa convocatoria para o ano 2016.

## **URXENCIAS**

### **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/das Sres./Sras. concelleiros/concelleiras asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

#### **A) SOLICITUDE DE AXUDA Á FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS Y PROVINCIAS (FEMP) PARA CREACIÓN DUN SERVIZO DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E INTERMEDIACIÓN LABORAL NA ÁREA DE TEMPO LIBRE**

Examinada a documentación relativa a solicitude de axuda para proxectos e programas de actuación das corporacións locais en materia de xuventude durante o ano 2016, co obxectivo de crear un servizo de información, orientación e intermediación laboral na área de tempo libre.



## Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Solicitar da FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS Y PROVINCIAS (FEMP) axuda para proxectos e programas de actuación das corporacións locais en materia de xuventude durante o ano 2016, co obxectivo de crear un servizo de información, orientación e intermediación laboral na área de tempo libre.

SEGUNDO.- Dar traslado á FEMP da solicitude de axuda de referencia, achegada das memorias do proxecto indicado.

### **B) PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE MOCIDADE E VOLUNTARIADO, S/ APROBACIÓN DE PREZO PÚBLICO DO CAMPAMENTO PORTOMARÍN-FORCAREI**

Examinada a proposta do concelleiro de Mocidade e Voluntariado do día 20.06.16, relativa a aprobación do prezo público do Campamento de Portomarín-Forcarei, que di:

*"PROPOSTA PARA APROBACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL*

*Desde as concellerías de Mocidade e Voluntariado proponse a aprobación pola Xunta de Goberno Local do prezo público para participar no campamento que se vai celebrar en Portomarín-Forcarei, o prezo é pola duración total deste.*

*- CAMPAMENTO PORTOMARÍN-FORCAREI: 90,00 €".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente referente a aprobación do prezo público do Campamento de Portomarín-Forcarei, previa comprobación pola Intervención Municipal da existencia de consignación orzamentaria.

### **C) APROBACIÓN DO PROXECTO DE REFORMA DO SANEAMENTO E FALSO TEITO DA CASA DA CULTURA**

Dase conta do "PROXECTO DE REFORMA DO SANEAMENTO E FALSO TEITO DA CASA DA CULTURA", elaborado pola arquitecta M.I.M.F en xaneiro de 2016 e cun importe total de cincuenta e seis mil setecentos setenta e cinco euros con vinte e seis (56.775,26 €).



## Concello de Cangas

O proxecto aprobarase, polo órgano municipal competente, para a contratación das obras que o mesmo inclúe, de conformidade co disposto nos artigos 21.1 o) e 22.2 ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local, en relación coa disposición adicional segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, dado que o importe é de cincuenta e seis mil setecentos setenta e cinco euros con vinte e seis (56.775,26 €), corresponderá a súa aprobación ao alcalde.

A resolución de aprobación do proxecto será mediante declaración expresa de que reúne os requisitos esixidos polo Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro e polo Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de contratos das administracións públicas.

Previamente á tramitación do expediente de contratación de obra, procederase a efectuar, de conformidade ao disposto no artigo 126 do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, o trazado de planta deste, que consistirá en comprobar a realidade xeométrica desta e a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa normal execución, que será requisito indispensable para a adxudicación en todos os procedementos. Así mesmo deberanse comprobar cantos supostos figuren no proxecto elaborado e sexan básicos para o contrato a realizar.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

**PRIMEIRO.-** Aprobar definitivamente o proxecto de obras para "PROXECTO DE REFORMA DO SANEAMENTO E FALSO TEITO DA CASA DA CULTURA", coas modificacións resultantes das alegacións formuladas e admitidas no seu caso e dos informes emitidos de supervisión e no seu caso da administración correspondente.

**SEGUNDO.-** Que se leve a cabo o trazado de planta do proxecto de obras, de conformidade co artigo 126 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro.

### **D) MANIFESTO DE APOIO Á CAMPAÑA DE "BENVIDOS REFUXIADOS ESPAÑA" (BRE)**

Dase conta do manifesto en apoio á campaña de "Benvidos Refuxiados España" (BRE), que di:

*"MANIFESTO:*



## Concello de Cangas

*Benvidos Refuxiados España (BRE) é unha plataforma cidadá sen ánimo de lucro creada por mor da actual crise migratoria. BRE ten como obxectivo a defensa dos dereitos dos refuxiados e dos solicitantes de protección internacional. BRE non está vinculada a ningunha ideoloxía política ou crenza relixiosa determinada.*

*Na actualidade, BRE conta con máis de 40.000 seguidores en Redes Sociais e colabora con múltiples asociacións, colectivos e ONGs españolas e internacionais.*

*Como lamentablemente coñecen, desde principios do ano 2015 máis dun millón de persoas, na súa maioría, refuxiados de orixe siria, iraquí e afgán, cruzaron o mar Exeo cara a Grecia escapando da guerra e a miseria.*

*No marco da nosa actuación, fomos testemuñas, con desolación e impotencia, das condicións infrahumanas ás que están expostas estas persoas nos campos de refuxiados de Europa, especialmente os situados en Grecia.*

*En concreto, os nosos equipos, coa colaboración inestimable de colectivos cidadáns, o apoio de diferentes ONGs e voluntarios independentes sobre o terreo, identificaron numerosos casos de especial vulnerabilidade (e.g. nenos e adultos gravemente enfermos ou feridos con necesidade de tratamento urxente, persoas sen familia con absoluta discapacidade e abandono, mulleres soas con múltiples fillos, persoas extremadamente traumatizadas psicolóxicamente, etc.). Na seguinte ligazón atopará algúns dos casos anteriormente mencionados: <https://helpshelp.wordpress.com/category/casos-urxentes>.*

*Ante esta realidade moral, ética e humanamente desoladora en todos os sentidos, esta plataforma e todas as adheridas, entenden que é de urxente necesidade que todas esas persoas sexan trasladadas a España ou outro país da nosa contorna co fin de solicitar protección internacional, e no seu caso, lles sexa prestada a debida asistencia sanitaria.*

*É evidente que, até a data, os procedementos de reasentamiento e recolocación establecidos pola Unión Europea non están a ser eficaces e consecuentemente, está a porse en situación de máximo risco a estas persoas.*

*Ante esta situación de impotencia, a plataforma BRE xunto a todas a ONG's, plataformas, asociacións e voluntarios, pretenden crear un 'corredor humanitario' co fin de tratar con urxencia estes casos de especial vulnerabilidade.*

*Para iso, o día 22 de xuño, en virtude do establecido no artigo 46 da Lei 12/2009 reguladora do dereito de asilo e do artigo 21 da Directiva sobre condicións de acollida (2013/33/UE), de 26 de xuño de 2013, presentaremos en nome de TODOS Os GRUPOS ADHERIDOS unha solicitude perante o Ministerio de Asuntos Exteriores Español para que, coa maior urxencia, proceda ao traslado a España de determinadas persoas en risco vital e ás súas respectivas familias, e, en definitiva, para que poidan acceder ao sistema de acollida no noso país.*



## Concello de Cangas

*Esta mesma solicitude realizarémola en paralelo aos principais partidos políticos, para que, todos eles, dependendo das funcións que lles sexan encomendadas nas próximas semanas, comprométanse con esta iniciativa que, consideramos, de especial importancia.*

*A mencionada petición irá acompañada por unha importante campaña mediática de difusión e sensibilización social. Para garantir o éxito desta iniciativa, é fundamental o apoio da cidadanía española e dos seus representantes. A nosa iniciativa non busca a identificación de culpables, senón o apoio a persoas nunha situación desesperada.*

*Por todo o anterior, facemos un chamamento ás ONGs, ás entidades sociais, aos grupos políticos calquera que sexa a súa ideoloxía, ás diferentes confesións relixiosas e ás persoas de boa fe, para que apoiem e se somen á nosa campaña para protexer a aquelas persoas máis indefensas que foxen da guerra e da miseria.*

**GRAZAS A TODOS OS QUE CRERON NESTE PROXECTO!  
UNIDOS SUMAMOS! AS NOSAS VOCES CONTAN!”.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar o manifesto transcrito anteriormente e amosar o seu apoio á campaña Benvidos Refuxiados España (BRE).

### **ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace  
o presidente